



XUNTA
DE GALICIA

PROXECTO
ABALAR

espazoABALAR
Guía para os profesores



O **Proxecto ABALAR**, é un compromiso da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria coa cidadanía galega, no ámbito da integración das TIC na práctica educativa, cuxo obxectivo principal é o de transformar os centros educativos tradicionais en centros educativos dixitais para:

- Acadar a plena alfabetización das TIC entre os profesores/as e alumnos/as galegos.
- Modernizar o sistema educativo galego.
- Mellorar a calidade da ensinanza en Galicia.
- Reducir o fracaso escolar.

O **Proxecto ABALAR**, ademais de garantir a dotación e o mantemento da infraestrutura TIC en todos os centros educativos coa entrega de ultraportátiles aos alumnos/as e a dotación de aulas dixitais por medio do portátil para o profesor/a, o encerado dixital interactivo e o proxector, os armarios de carga dos ultraportátiles e as redes Wifi, tamén encargárase de fomentar a cultura dixital por medio da formación aos docentes e as familias, dotar ao profesorado e o resto da comunidade educativa de contidos e recursos educativos dixitais e facer que o proxecto teña presenza na Web por medio do espazoABALAR.

O **espazoABALAR**, será o referente dos servizos educativos en Galicia para toda a comunidade. Trátase dunha moderna plataforma de última xeración desenvolvida pola Consellería de Educación e a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica coa finalidade de:

- Achegar a educación aos cidadáns, incrementando a eficacia dos servizos que se lle proporcionan.
- Desenvolver as TIC no ámbito educativo, fomentando a participación e motivación do alumnado e loitando contra o fracaso escolar.

O **espazoABALAR** está desenvolvéndose dunha maneira continuada no tempo coa inclusión de novos servizos para toda a comunidade educativa. Nesta versión, está dispoñible un espazo destinado aos docentes, outro ás familias e un repositorio de contidos educativos dixitais.

Espazo Familias

Permite acceder ao seguimento académico en liña e establece unha nova canle de comunicación entre os pais e os titores/as, incluíndo servizos de subscripción por correo electrónico

O espazoABALAR é **multiidioma** e está dispoñible en galego e castelán

The screenshot shows the 'Espazo Abalar' website interface. At the top, it features the 'XUNTA DE GALICIA' logo and the title 'Espazo Abalar'. The main content area is divided into several sections: 'Novos' (News) with a headline about a new service for teachers; 'Servizos' (Services) with sub-sections for 'Espazo Familias', 'Espazo Profesores', and 'Repositorio de contidos'; 'Recursos destacados' (Featured resources) with a link to 'Xeoclic'; 'Ebooks de actualización' (Update ebooks) with a list of topics; and 'Enlaces' (Links) with various institutional links. A footer contains copyright information and a subscription link.

espazo Profesores

Facilita o desenvolvemento das actividades de seguimento e control diarias dos docentes e permite o intercambio de información e a comunicación cos responsables dos alumnos/as

Repositorio de contidos educativos

Posibilita o acceso á plataforma de xestión, difusión e emprego dos recursos educativos dixitais

Ademais, a pantalla de inicio do **espazoAbalar** pon a súa disposición varios apartados a través dos que poderá coñecer os **últimos avances** do proxecto.

Novas

Permite coñecer as **últimas novidades do proxecto** nos diferentes ámbitos que o compoñen, como poden ser as novas funcionalidades do portal para os diferentes espazos ou o avance na formación abalar, entre outros. Así mesmo, premendo en **Ler máis**, despregarase a noticia correspondente ao titular e resumo escollido



O ESPAZOABALAR PON A DISPOSICIÓN DOS PROFESORES UN NOVO ESPAZO NO QUE REALIZAR O SEGUIMENTO DOS SEUS ALUMNOS/AS

16/10/2013 - 12:54

O espazo **Profesores** facilita aos titores/as o desenvolvemento de actividades de seguimento e control diarias dos seus alumnos/as e adicionalmente, permite a comunicación en liña cos responsables dos alumnos/as por medio de avisos xerais a un grupo de responsables, incidencias personalizadas a un pai ou nai en concreto e a xestión de citas de tutoría.



O espazoAbalar pon a disposición de toda a comunidade educativa un espazo destinado aos docentes, outros ás familias e a repositorio de contidos educativos dixitais que seguirá desenvolvéndose dunha maneira continuada no tempo coa inclusión de novos servizos.

Actualmente, todos os titores/as pertencentes aos centros do Proxecto Abalar, teñen a súa disposición o espazo **Profesores**, un ámbito no que poderán levar a cabo as seguintes **funcionalidades**:

- Consultar e modificar os seus **datos persoais** como o enderezo, a conta de correo, o teléfono, etc.
- **Subscribirse a notificacións** para poder xestionar e realizar un seguimento dos **ustificantes** das faltas de asistencia que envían os responsables dos alumnos/as, o control das tutorías que solicitan os pais e nais e a posibilidade de **enviar avisos xerais** aos responsables dun grupo de alumnos/as ou **incidencias personalizadas** aos mesmos. Sempre que os titores estean dados de alta neste tipo de subscripcións, recibirán correos informativos coas notificacións realizadas polos familiares dos alumnos/as.
- E tamén poderá realizar unha xestión detallada das **citas de tutoría** solicitadas polos pais e nais, permitindo confirmar unha cita de tutoría ou anulala no caso de que non puidese asistir a dito evento.

Adicionalmente, para que o funcionamento do espazoAbalar sexa efectivo e as familias poidan realizar un seguimento académico dos seus fillos/as, será necesario que en paralelo, os titores/as actualicen e publiquen os datos das cualificacións e as faltas de asistencia na plataforma da Consellería para a xestión académica e administrativa (XADE).

Para dispor de máis información sobre o funcionamento do espazo **Profesores** pode descargar a guía do profesor premendo aquí.

Categoría: Espazo Abalar Formación Profesores

Colectivos e eixos de actuación

Estes apartados clasifican a información recollida no portal por “colectivos implicados en Abalar” e por “eixos de actuación do proxecto”, o que permite navegar polo espazoAbalar de forma máis cómoda e sinxela

Recursos destacados

Recole información sobre cales son os últimos **recursos educativos dixitais** que foron subidos ao Repositorio de contidos educativos e unha breve descrición da súa utilidade. Premendo en **Ler máis**, poderá descargar o recurso escollido sen a necesidade de acudir ao Repositorio

Enlaces

Pon a súa disposición os enlaces máis relevantes que se encontran relacionados co proxecto, como son o Repositorio de contidos **agrega**, a páxina da **Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica** e da **Consellería de Educación e Ordenación universitaria**

Para acceder ao espazo Profesores, é necesario **autenticarse** por medio do DNle, do certificado dixital FNMT ou do usuario e contrasinal da súa conta de correo @edu.xunta.es.



1
Selecione a opción **espazo Profesores**

2
Elixa un dos tres accesos posibles:
a. DNle
b. Certificado dixital FNMT
c. Usuario e contrasinal da súa conta de correo @edu.xunta.es

GALEGO CASTELLANO

XUNTA DE GALICIA

Espazo Abalar

Usuario/a: Sen Identificar Entrar

Inicio

Acceso a Espazo Abalar

Para acceder á información do portal **Espazo Abalar** é necesario estar autenticado. Pódese realizar a autenticación de dúas maneiras distintas:

- a** **Por DNI Electrónico**
Se dispón de DNI electrónico pode acceder ao portal pulsando no **enlace**. Asegúrese de que o DNI está inserido no lector de tarxetas.
Para obter máis información sobre os requisitos e a utilización do DNI electrónico visite a páxina do **Corpo Nacional de Policía**.
- b** **Por Certificado Dixital FNMT**
Se dispón de certificado dixital da "Fábrica Nacional de Moneda y Timbre" e desexa acceder ao portal con el pulse **aquí**.
Consulte a páxina do **CERES** para obter información sobre este certificado.
- c** **Por usuario e contrasinal**
Se dispón de usuario e contrasinal pode acceder ao portal pulsando **aquí**.

XUNTA DE GALICIA

© Xunta de Galicia. Información mantida e publicada na internet pola Xunta de Galicia
Oficina de Rexistro Único e Información | Suxestións e queixas | Aviso legal | Atención/cola/ya


Poden subscribirse ás novidades desta web cun lector de feeds

Para acceder ao espazo Profesores por medio do **DNI electrónico** é necesario dispoñer dun ordenador con lector de tarxetas.

1 Introduza o DNI electrónico no lector de tarxeta

2 Seleccione a opción do DNI electrónico

3 Introduza o seu PIN e pulse **Aceptar**





Se desexa acceder ao espazo Profesores por medio do **certificado dixital FNMT** siga os seguintes pasos.

1 Seleccione a opción do certificado dixital FNMT

2 Seleccione o certificado no despregable

3 Pulse o botón **Aceptar**



Para obter o certificado se se trata dunha persoa física, é imprescindible contar cun ordenador que teña acceso a Internet, acceder á páxina www.ceres.fnmt.es e:


- I. Solicitar o certificado.
- II. Acreditar a identidade mediante personación física nunha oficina de rexistro.
- III. Descargar o certificado dende Internet no seu ordenador.

No caso de que prefira acceder por medio do **usuario e contrasinal do correo da Consellería** debe seguir os seguintes pasos:

1 Seleccione a opción do usuario e contrasinal

2 Introduza os seu usuario e contrasinal

3 Pulse o botón Entrar



Identificación

Usuario/a: Sen identificar

Identificación

Estase a identificar para acceder a un servizo web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Por favor teclee o nome de usuario/a e o contrasinal da súa conta de correo de edu.xunta.es.

Lembre:

- Preste especial atención a se está usando maiúsculas ou minúsculas.
- Se erra varias veces no seu contrasinal, o seu usuario/a e contrasinal bloquearanse e non poderá acceder a ningún servizo web incluíndo o correo. Neste caso terá que desbloquealo accedendo ao seguinte enderezo [desbloquear usuario](#), ou contactando coa Unidade de Atención a Centros (véxase a información de Contacto no pé de páxina).

Identificación de usuario/a ?

Nome de usuario/a

@edu.xunta.es

Contrasinal


ENTRAR

LIMPAR

Información de contacto: Para calquera aclaración ou dúbida pode poñerse en contacto coa Unidade de Atención a Centros chamando ao número 902.90.54.45, ou mediante correo electrónico no enderezo uac@edu.xunta.es.

Actualmente, o acceso ao espazo Profesores, está dispoñible para os titores/as dos centros do proxecto Abalar.

No caso de que non sexa titor/a, ou o seu centro non pertenza ao proxecto Abalar, amosarase a seguinte pantalla:



Unha vez autenticado no **espazo Profesores** poderá realizar unha variedade de accións que se explican a continuación:

Permite o peche da sesión na que está rexistrado

Nome do usuario que accedeu ao espazoABALAR

Posibilita o acceso á aplicación de datos persoais

Permite o acceso á xestión de subscricións, incidencias na aula, avisos a grupos de alumnos ou citas de titoría

Dende o espazo Profesores ten acceso á **aplicación de datos persoais**, onde pode consultar e actualizar os seus datos relativos a enderezos, teléfonos, datos económicos, etc.

Se desexa consultar ou modificar os datos persoais, seleccione a opción **Aplicación de datos persoais**

1 Para acceder aos seus datos é preciso premer no botón **Entrar** e introducir posteriormente o **nome de usuario/a** e o **contrasinal** da súa conta de correo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

The image shows a sequence of screenshots from the 'Espazo Abalar' web application. The top screenshot shows the user interface with the 'datos persoais' link highlighted. The middle screenshot shows the 'datos persoais' form with various fields for personal data. The bottom screenshot shows the login page with the 'Entrar' button highlighted. Arrows indicate the flow from the application link to the form and then to the login page.

datos persoais
Consulta e alegación do expediente persoal

Usuario/a: Sen identificar

1. Inicio

2. Datos Persoais

Entrar

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pode consultar e actualizar os datos do expediente persoal, tendo en conta que esta opción activarase a partir do día 25 de Novembro do 2010. Esta opción activarase a partir do día 25 de Novembro do 2010. Esta opción activarase a partir do día 25 de Novembro do 2010. Esta opción activarase a partir do día 25 de Novembro do 2010.

Identificación

Usuario/a: Sen identificar

Estase a identificar para acceder a un servizo web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Por favor teclee o nome de usuario/a e o contrasinal da súa conta de correo de edu.xunta.es.

Lembre:

- Preste especial atención a se está usando maiúsculas ou minúsculas.
- Se erra varias veces no seu contrasinal, o seu usuario/a e contrasinal bloquearase e non poderá acceder a ningún servizo web incluíndo o correo. Neste caso terá que desbloquealo accedendo ao seguinte enderezo [desbloquear usuario](#) ou contactando coa Unidade de Atención a Centros (veña a información de Contacto no pé de páxina).

Información de contacto: Para calquera aclaración ou dúbida pode poñerse en contacto coa Unidade de Atención a Centros chamando ao teléfono 981 50 52 25 ou mediante correo electrónico no enderezo [unidade.atencion@edu.xunta.es](#)

2 Unha vez identificado coa súa conta, acceda á opción **Datos Persoais**, para consultar ou modificar* o enderezo, a conta de correo, o teléfono, etc. Para que se registren os cambios é preciso marcar o botón **Gravar**.

* Para modificar o nome, apelidos e DNI terá que dirixirse ao servizo de persoal correspondente.

Coma profesor/a, ten a posibilidade de xestionar as súas **subscricións** no referente á xustificación de faltas e á solicitude de titorías por parte dos responsables dos alumnos/as, e enviar avisos a grupos de alumnos/as ou avisos personalizados a pais e nais.

Para consultar e modificar as notificacións ás que está subscrito, prema no botón **Subscricións**

Esta opción permítelle recibir un correo* cos **xustificantes das faltas** realizados polos responsables dos alumnos/as a través do espazo Familias

Esta funcionalidade ofrece a posibilidade de que os responsables dos alumnos/as poidan **solicitar unha cita de titoría**, e esta quedará rexistrada no apartado de *citas de titoría* e a confirmación ou anulación tamén será remitida por correo

Esta subscrición permítelle enviar **avisos** aos responsables dos alumnos/as de maneira **personalizada** ou en **grupos**, nos apartados de *incidencias na aula* e *avisos a grupos* e adicionalmente, enviarase un correo cos datos

Como titor pode subcribirse ás distintas funcionalidades que ofrece o portal

- Acepta a xustificación de faltas a través do portal
Con esta funcionalidade os responsables dos alumnos poderán xustificar as súas faltas a través do portal, a vostede chegaralle un correo coa xustificación
- Acepta a solicitude de titorías por parte dos responsables dos alumnos
Con esta funcionalidade os responsables dos alumnos poderán solicitar unha cita de titoría con vostede
- Acepta o envío de avisos a grupos de alumnos e avisos personalizados aos pais
Con esta funcionalidade poderé enviar avisos de carácter xeral aos seus grupos de alumnos e avisos personalizados a os responsables dun alumno en particular

GARDAR

Para activar as subscricións é necesario premer no botón, e que se amose cun check verde

Finalmente, para que se activen ou desactiven as subscricións seleccione o botón **GARDAR**

A modificación das subscricións non se procesa de forma inmediata, será preciso esperar á actualización dos mesmos (prazo máximo 24 h).

* Os xustificantes enviaranse ao correo electrónico rexistrado no apartado de Aplicación de datos persoais. Se desexa realizar algún cambio nesta conta terá que seguir os pasos que se indican na páxina anterior.

No apartado **incidencias na aula**, pode visualizar a todos os alumnos/as aos que imparte clase, o nome dos responsables e se estes están subscritos ou non a este tipo de notificacións. Tamén pode enviar avisos a aqueles responsables que están subscritos e ver as incidencias creadas anteriormente.

Para acceder á información das incidencias rexistradas na aula, seleccione a opción **Incidencias na aula**

Esta área amosa todos os **alumnos/as**, informando do grupo, os seus responsables e se estes están subscritos ao servizo de notificacións

Inicio > Incidencias na aula

16 elementos atopados, amosando todos os elementos.

Grupo	Nome	Responsables	Suscrito/a	
2º Bac.-B	Rosario Monjardín Vergas	Nai: Luz Vergas Pai: Luis Monjardín	Non Non	Enviar aviso
2º Bac.-B	Jesus López Noche	Nai: María Noche Pai: Luis Manuel López	Non Si	Enviar aviso
2º Bac.-B	José María Fernández Otero	Nai: Mª José Otero	Non	Enviar aviso
2º Bac.-B	Eloi Vázquez Muiño	Nai: Josefa Muiño Pai: Ricardo Vázquez		
2º Bac.-B	Laura Calvete Taboada	Nai: Mª Dolores Taboada		
2º Bac.-B	Pablo Iglesias Ollero	Nai: Mª Patricia Ollero Pai: Juan Antonio Iglesias		
2º Bac.-B	Adela Torreiro García	Nai: Rosana García		
2º Bac.-B	Marina Cañela Santos	Nai: Isabel Santos Pai: Luciano Cancela		
2º Bac.-B	Teresa Novoa Santos	Pai: Julián Novoa		
2º Bac.-B	Alejandro Rodríguez Machado	Nai: Mercedes Machado		
2º Bac.-B	Enrique Fernández Tomé	Nai: María Dolores Tomé Pai: Valeriano Fernández		
2º Bac.-B	Ainoa Cabré Sánchez	Pai: Pedro Cabré		
2º Bac.-B	Carmen Ansedé López	Pai: Jose Antonio Ansedé		
2º Bac.-B	Roberto Zaera Luz	Pai: Jose Luis Zaera		

16 elementos atopados, amosando todos os elementos.

Incidencia	Publicado	Fin validez	Nome do alumno	Grupo
Incidencia	28/12/2010	29/12/2011	Jesus López Noche	2º Bac.-B
Encerado	23/12/2010	23/12/2010	Jesus López Noche	2º Bac.-B
Otra incidencia	23/12/2010	23/12/2010	Jesus López Noche	
Mal comportamento	23/12/2010	27/12/2010	Jesus López Noche	

Esta funcionalidade permítelle **ver todas as incidencias** que creou anteriormente

Esta opción permítelle **enviar os avisos** aos responsables que están subscritos a este tipo de notificacións, especificando a incidencia, as observacións e a data de inicio e de fin de validez*. Para que se realice o envío á aplicación familias e ao seu correo, é necesario premer no botón **Gardar**

* As incidencias estarán visibles, tanto para os responsables coma para vostede, entre as datas de inicio e fin da validez

O espazo Profesores tamén lle permite realizar avisos e consultar os **avisos** realizados previamente **aos responsables do seu grupo de alumnos/as**.

Se desexa xestionar os avisos realizados aos responsables dun grupo de alumnos/as, seleccione o apartado **Avisos a grupos**

Esta sección amosa a **información** de todos os **avisos a grupos**, creados anteriormente, detallando o titular do aviso e a data de publicación

Tamén ten dispoñible en todo momento a opción de **eliminar** aqueles avisos que non considere necesarios

The screenshot displays the 'Espazo Abalar' interface. At the top, the Xunta de Galicia logo and 'Espazo Abalar' title are visible. Below the header, the user profile 'Daniel Ortega Lista' is shown. The main navigation menu includes 'Subscricións', 'Incidencias na aula', 'Avisos a grupos', and 'Citas de tutoría'. The 'Avisos a grupos' section is active, showing a table with columns for 'Aviso' and 'Publicado'. A 'CREAR AVISO' button is highlighted, leading to a form with fields for 'Fecha inicio validez', 'Fecha fin validez', 'Aviso', and 'Observacións'. A 'Ver detalle' button is also highlighted, leading to a detailed view of a notice with 'Seguimento avaliación' and 'Observacións'.

Para **crear un aviso novo**:

1. Prema no botón **Crear aviso**
2. Cubra os datos que se lle solicitan: seleccione o grupo de alumnos/as para que se realice o aviso aos seus responsables, indique a data de inicio e de fin da validez do aviso, o titular do aviso e as observacións
3. E finalmente, seleccione o botón **Gardar**

Unha vez creados os avisos, pode dispoñer de toda a información seleccionando o botón **Ver detalle**, no que se lle amosará a información introducida no momento da creación do aviso.

Tamén pode realizar **modificacións** dos avisos en calquera dos campos. Para que se rexistren os cambios é necesario premer no botón **Gardar** e no caso de que non desexe procesar os cambios seleccione **Voltar**

Finalmente, no espazo Profesores pode xestionar as súas **citas de titoría** cos responsables de cada alumno/a.

Para realizar un seguimento das titorías, prema na opción **Citas de titoría**

Data de solicitude	Data da titoría	Alumno/a	Estado	Ver detalle
05/01/2011 18:25	17/01/2011 10:00	Paula Pérez Ponte	Pendente	Ver detalle
05/01/2011 11:48	11/01/2011 10:30	Paula Pérez Ponte	Anulada polo titor	Ver detalle
05/01/2011 11:23	10/01/2011 09:00	Paula Pérez Ponte	Confirmada	Ver detalle
04/01/2011 09:25	11/01/2011 09:00	Paula Pérez Ponte	Anulada polo responsable	Ver detalle

Detalle da cita:

Data de solicitude: 05/01/2011 18:25

Data da titoría: 17/01/2011 10:00

Estado: Pendente

Alumno/a: Paula Pérez Ponte

Observacións: Seguinte libro de Paula

Botóns: CONFIRMAR, ANULAR, VOLTAR

Neste apartado detállanse todas as citas de titoría solicitadas polos responsables dos alumnos/as, informando dos seguintes datos:

1. Data e hora na que solicitou a titoría
2. Data e hora na que desexa realizar a titoría
3. Estado da cita que pode ser: *pendente de confirmar, confirmada ou anulada*
4. Detalle da cita

Para acceder á información pormenorizada dunha cita en concreto, prema na opción **"Ver detalle"**.

Neste apartado poderá:

1. **Confirmar** unha cita de titoría solicitada por un responsable, sempre que o estado sexa "Pendente"
2. **Anular** unha cita confirmada previamente, detallando os motivos de cancelación
3. Consultar os datos da cita. Se non se desexa realizar ningún cambio no estado da cita prema no botón **Voltar**

O espazo Abalar, permítelle realizar un seguimento detallado dos seus alumnos/as e adicionalmente, dispor dunha nova vía de contacto cos responsables dos mesmos.

Coa finalidade de completar a información a disposición dos responsables, é preciso que, tal e coma viña facendo anteriormente, actualice os datos das cualificacións e as faltas de asistencia en XADE, desta maneira, os pais e nais poderán consultar estes datos por medio do espazo Familias.

Os principais cambios que se procesan en XADE son os referidos á publicación de cualificacións*. Este apartado permite publicar de forma individual as notas de cada avaliación dun grupo ou realizar a publicación de maneira conxunta para todos os grupos.

Publicación de cualificacións

Ensinanza: Educación secundaria obrigatoria

Grupo	Avaliación	Publicada	Data publicación
1º ESO - A	1ª Ava.	Si	10/01/2011
1º ESO - A	2ª Ava.	Non	
1º ESO - A	3ª Ava.	Non	
1º ESO - A	Ord.	Non	
1º ESO - A	Extra.	Non	
1º ESO - B	1ª Ava.	Non	
1º ESO - B	2ª Ava.	Non	
1º ESO - B	3ª Ava.	Non	
1º ESO - B	Ord.	Non	
1º ESO - B	Extra.	Non	
2º ESO - A	1ª Ava.	Non	
2º ESO - A	2ª Ava.	Non	
2º ESO - A	3ª Ava.	Non	
2º ESO - A	Ord.	Non	
2º ESO - A	Extra.	Non	
2º ESO - B	1ª Ava.	Non	
2º ESO - B	2ª Ava.	Non	
2º ESO - B	3ª Ava.	Non	
2º ESO - B	Ord.	Non	
2º ESO - B	Extra.	Non	
3º ESO - A	1ª Ava.	Non	

Avaliación: --

1.a Pulse no desplegable e seleccione a opción **Si**, se quere *publicar* as cualificacións *individualmente*

1.b Para publicar as *cualificacións* dunha avaliación para todos os *grupos* prema no **desplegable** e seleccione o botón **publicar**

2 Prema o botón **Aceptar** para que se rexistren os cambios

* Para máis información, consulte o manual existente na Axuda de Xade: Manual Xade-Espazo Abalar. No caso de que non teña dispoñible esta funcionalidade, consúlteo co Director do seu centro

Adicionalmente, tamén ten acceso ao **Repositorio de contidos educativos**, o cal está aberto a todos os visitantes e non require dunha autenticación previa como no caso do espazo Profesores.

Para acceder ao Repositorio de contidos educativos tan só ten que seleccionar esta opción na pantalla de inicio:



1
Selecione o espazo de Repositorio de contidos educativos

No caso de que se atope no espazo Profesores, tamén pode acceder ao Repositorio de contidos educativos seguindo os seguintes pasos:

- 1 Prema no botón de **“Inicio”**.
- 2 Unha vez na pantalla principal do espazo ABALAR, seleccione o **apartado do Repositorio**.

Unha vez no **Repositorio de contidos dixitais**, ten acceso aos últimos contidos publicados. Tamén pode sinalar a ensinanza, o curso e a materia para ver os recursos educativos dispoñibles en cada nivel educativo.

1 O inicio do Repositorio amosa unha listaxe dos últimos recursos publicados e permítelle **ver o detalle** dos contidos (procedencia, destinatarios, etc.), **descargalos** ou **visualizalos** directamente dende o espazoABALAR



2 Para acceder aos recursos educativos dixitais é preciso **seleccionar o nivel educativo**



3 Acceder á **materia** sobre a que se desexa encontrar os contidos dixitais



4 E **seleccionar o** recurso desexado

O Repositorio de contidos dixitais, tamén ofrece un buscador de recursos dixitais.

1 Para atopar un contido educativo concreto pode empregar o **Buscador**

2 O buscador ofrécelle a posibilidade de **escribir algún termo clave** do recurso que desexa, ou realizar unha **busca avanzada** na que terá que seleccionar diferentes criterios de busca (enseñanza, nivel educativo, tipo de licenza, etc). Para que se proceda á busca tan só ten que pulsar o botón **Buscar**

3 A continuación amosanse todos os recursos educativos que cumpren o criterio de busca





**XUNTA
DE GALICIA**